

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8695 *Cuarta acta de corrección de erros do Tratado de Lisboa polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, feito en Lisboa o 13 de decembro de 2007.*

Para coñecemento xeral, procédese á publicación da Cuarta acta de corrección de erros do Tratado de Lisboa, polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, feito en Lisboa o 13 de decembro de 2007 e publicado nos boletíns oficiais do Estado n.º 286, do 27 de novembro de 2009 e n.º 41, do 16 de febreiro de 2010.

Madrid, 18 de maio de 2010.—O secretario xeral técnico do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Antonio Cosano Pérez.

CUARTA ACTA DE CORRECCIÓN DE ERROS DO TRATADO DE LISBOA POLO QUE SE MODIFICAN O TRATADO DA UNIÓN EUROPEA E O TRATADO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE EUROPEA, ASINADO EN LISBOA O 13 DE DECEMBRO DE 2007

Considerando que se detectaron erros no texto orixinal das 23 versións lingüísticas do Tratado de Lisboa, polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, asinado en Lisboa o 13 de decembro de 2007, e do cal é depositario o Goberno da República Italiana;

Considerando que os ditos erros foron comunicados aos Estados signatarios do Tratado mediante carta do 4 de marzo de 2010 do xurisconsulto do Consello da Unión Europea aos representantes permanentes dos Estados membros;

Considerando que os Estados signatarios non formularon obxeccións en contra das correccións propostas na dita carta antes da expiración do prazo que nela se indica;

Procedeuse no día de hoxe, no Ministerio de Asuntos Exteriores da República Italiana, á corrección destes erros no sentido indicado no anexo.

En fe do cal foi redactada esta cuarta acta, cuxa copia será transmitida aos gobernos dos Estados signatarios do dito Tratado.

Feito en Roma o vinte e tres de marzo de dous mil dez.

ANEXO

Acta de corrección de erros

do Tratado de Lisboa, polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea,

asinado en Lisboa o 13 de decembro de 2007

(CIG 14/07 do 3 de decembro de 2007)

(*Diario Oficial de la Unión Europea* C 306 do 17 de decembro de 2007)

1. Modificacións do Tratado da Unión Europea e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea

- a) Artigo 2, punto 2), letra f)
(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/es 55)
(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 42)

Onde di:

«f) As palabras “institucións ou órganos”, “institucións ou organismos” e “institucións e organismos” substitúense por “institucións, órganos ou organismos”, con excepción do parágrafo primeiro do artigo 193’.»,

debe dicir:

«f) As palabras “institucións ou órganos”, “institucións ou organismos” e “institucións e organismos” substitúense por “institucións, órganos ou organismos”, con excepción do parágrafo terceiro do artigo 21 e do parágrafo primeiro do artigo 193.»

- b) Artigo 2, punto 127), letra a)
(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/es 110)
(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 83).

Onde di:

«a) No parágrafo segundo do número 1, a palabra “humana” substitúese por “física e psíquica” e engádese, ao final do parágrafo, o seguinte texto: “así como a vixilancia das ameazas transfronteirizas graves para a saúde, a alerta en caso de tales ameazas e a loita contra elas”.»,

debe dicir:

«a) No parágrafo segundo do número 1, a palabra “humana” substitúese por “física e psíquica” e engádese, ao final do parágrafo, o seguinte texto: “, e a vixilancia das ameazas transfronteirizas graves para a saúde, a alerta en caso de tales ameazas e a loita contra elas”.».

- c) Artigo 2, punto 127), letra d), inciso iv)
(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/es 111)
(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 84)

Onde di:

«“5. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme o procedemento legislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, poderán adoptar tamén medidas de fomento destinadas a protexer e mellorar a saúde humana e, en particular, a loitar contra as pandemias transfronteirizas, así como medidas que teñan directamente como obxectivo a protección da saúde pública no que se refire ao

tabaco e ao consumo excesivo de alcohol, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros”..»,

debe dicir:

«5. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme o procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, poderán adoptar tamén medidas de fomento destinadas a protexer e mellorar a saúde humana e, en particular, a loitar contra as pandemias transfronteirizas, medidas relativas á vixilancia das ameazas transfronteirizas graves para a saúde, á alerta en caso de tales ameazas e á loita contra estas, así como medidas que teñan directamente como obxectivo a protección da saúde pública no que se refire ao tabaco e ao consumo excesivo de alcohol, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros”».

2. Protocolos que deberán ir anexos ao Tratado de Lisboa

Protocolo n.º 1

Artigo 1, punto 14) (CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/P/es 54)

(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 180)

A alínea seguinte insírese despois da alínea f):

«f bis) No artigo 20, que pasa a ser 19, as palabras «aos membros da Comisión» substitúense por «ao presidente do Consello Europeo»; engádese o parágrafo seguinte:

“Serán igualmente aplicables aos membros da Comisión”..».